

Convenio colectivo para a empresa Burgas Distribución, S.A. (Anos 2004-2006)¹

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

Este convenio é de aplicación para a empresa Burgas Distribución, S.A. e os seus traballadores.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Queda comprendido neste convenio todo o persoal relacionado coa actividade de distribución de gas butano e propano, salvo o que exerza funcións de alta dirección ou alto consello, e excluíndose expresamente as persoas sen contrato laboral que exercen funcións de distribución con carácter de autónomos.

Artigo 3º.-Vixencia, duración, prórroga e denuncia.

Este convenio entra en vigor o día 1 de xuño de 2004, sexa cal fose a data da súa publicación no BOP e no DOG, e a súa duración é de tres anos, é dicir, ata o 31 de decembro de 2006.

Este convenio prorrogarase de ano en ano, se non é denunciado con tres meses de antelación ao termo da súa vixencia.

A denuncia deste convenio realizarase de acordo co que está establecido no capítulo 3º da Lei 11/1994, do Estatuto dos traballadores, desenvolvido mediante Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e demais disposicións de xeral aplicación.

A táboa salarial anexa establécese con vixencia do 1 de xuño de 2004 e con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro do ano 2004, cun incremento do 3,25% ata o 31 de decembro de 2004.

O incremento salarial para o segundo ano de vixencia (2005) será o IPC real do ano 2004, máis 0,50%.

O incremento salarial para o terceiro ano de vixencia (2006) será o IPC real do ano 2005, máis 0,50%.

Artigo 4º.-Garantía (ad personam).

As cantidades superiores pactadas a título persoal ou calquera outra mellora que teña establecida a empresa, como premio de cobranza por botella ou revisión, serán respectadas na súa totalidade.

Artigo 5º.-Compensación e absorción.

As melloras deste convenio poderán ser compensadas ou absorvidas con calquera outra mellora voluntaria ou por disposición legal en cómputo anual, salvo que expresamente se pacte o contrario. Todo iso conforme o disposto na Orde ministerial do 22 de novembro de 1973, no seu artigo 10.2º, que desenvolve o Decreto 2300/1973, sobre ordenación do salario.

Artigo 6º.-Xornada de traballo.

Establécese unha xornada de traballo para todo o persoal de 40 horas semanais.

Entre a empresa e a representación dos traballadores poderase pactar unha distribución irregular da xornada, sen exceder das horas fixadas neste convenio, sempre e cando se dean circunstancias de climatoloxía, temporada e/ou produción.

Artigo 7º.-Vacacións.

Establécese un período mínimo de vacacións de 30 días naturais. Inclúese no salario correspondente a vacacións o complemento de transporte estipulado neste convenio.

Artigo 8º.-Retribucións.

¹ Publicado no DOG núm. 171, do 2 de setembro de 2004.

Establécese un sistema retributivo para todo o persoal composto de: salario base e complementos salariais (complemento de transporte), segundo se recolle no anexo.

Artigo 9º.-Antigüidade.

O complemento persoal de antigüidade está composto por cuadrienios na contía do 4% (catro por cento) do salario base.

Artigo 10º.-Complemento de transporte.

Establécese un complemento de transporte que se percibirá mensualmente e na contía sinalada na táboa salarial anexa. A este complemento aplicaráselle a seguinte táboa de penalizacións en caso de faltas de asistencia ou puntualidade.

1. Por cada dúas (2) faltas de puntualidade inxustificada perderase a parte correspondente ao complemento de tres (3) días.
2. Por cada catro (4) faltas de puntualidade inxustificadas perderase o complemento correspondente a sete (7) días.
3. Por cada cinco (5) faltas de puntualidade inxustificadas perderase o total do complemento mensual.

Cada dúas (2) faltas de puntualidade considerarase unha de asistencia, tendo en conta que, para efectos de penalización deste complemento, se considerará como falta de asistencia a de puntualidade superior a media hora.

Artigo 11º.-Gratificacións extraordinarias.

Consisten no aboamento de tres mensualidades compostas por salario base, complemento de transporte máis antigüidade, que se percibirán unha en xullo, unha en decembro e outra no período comprendido entre xaneiro a marzo de cada ano, polos anos vencidos e como participación en beneficios.

Artigo 12º.-Horas extraordinarias.

As horas extras pagaranse incrementadas nun setenta e cinco por cento (75%) sobre o salario que corresponde a cada hora ordinaria, salvo as realizadas en días festivos e domingos, cun incremento do 100% sobre a hora ordinaria.

Artigo 13º.-Roupa de traballo.

A empresa dotará os traballadores de roupa de traballo adecuada ao tipo de labor e á época do ano.

Artigo 14º.-Excedencias.

O traballador con polo menos un ano de antigüidade na empresa terá dereito a que se lle recoñeza a posibilidade de se situar en excedencia voluntaria por un prazo maior de dous anos e non maior de cinco. Este dereito só poderá ser exercido outra vez

polo mesmo traballador se transcorreron catro anos desde o final da anterior excedencia.

O traballador declarado en situación de excedencia conserva só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á del, que houbese ou se producisen na empresa.

Artigo 15º.-Invalidez provisional.

O traballador declarado en situación de invalidez provisional terá dereito á reincorporación ao traballo en canto cese a dita situación. O prazo de reincorporación ao traballo será de dous meses a partir do cesamento en situación de invalidez provisional.

Artigo 16º.-Incapacidade transitoria.

En caso de accidente laboral e hospitalización, a empresa está obrigada a satisfacer o complemento necesario para que, computando o que con cargo á Seguridade Social percibe o traballador, por prestación económica de IT, alcance o 100% do salario establecido neste convenio, ata que se produza a súa reincorporación ao traballo.

Artigo 17º.-Seguro colectivo.

A empresa procederá, no prazo dun mes seguinte ao da publicación do convenio, a formalizar póliza de seguro que garanta as seguintes coberturas:

Falecemento por accidente laboral: 18.030 euros.

Grande invalidez derivada de accidente laboral: 24.040 euros.

Cláusulas adicionais

Primeira.-Estabécese como rendemento normal de reparto o seguinte: botellas de 12,5 kg: 75 botellas/día; botellas de 35 kg: 40 botellas/día, para un equipo de dous.

Para efectos de revisións establécese como rendemento normal o de 20 revisións por día.

Estes rendementos deberán ser considerados en condicións normais en canto a climatoloxía, estado de vehículos e temporada, ou calquera outro motivo non imputable ao traballador.

Segunda.-Para efectos económicos este convenio entra en vigor o 1 de xaneiro de 2004, co que estes se retrotraerán á dita data.

Terceira.-Este convenio é asinado polo representante legal dos traballadores e a dirección da empresa, de conformidade coa lexitimación prevista na Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores.

Cuarta.-Este convenio mantén a súa vixencia na súa totalidade ata que se negocie outro que o substitúa.

ANEXO

Táboa salarial ano 2004 (3,25% incremento)

| Categoría | Salario base |
|-----------------------|---------------------|
| Encargado xeral | 685,71 |
| | |
| Xefe de contabilidade | 653,95 |
| | |
| Encargado de almacén | 641,93 |
| | |
| Xefe de negociado | 641,93 |
| | |
| Oficial de 1ª | 641,93 |
| | |
| Oficial de 2ª | 627,81 |
| | |

| | |
|---------------------------|--------|
| Oficial mecánico | 654,92 |
| | |
| Cobrador | 573,62 |
| | |
| Conductor de remolque | 657,66 |
| | |
| Conductor camión pesado | 657,66 |
| | |
| Conductor camión reparto | 654,92 |
| | |
| Mecánico instalador | 637,98 |
| | |
| Mecánico visitador | 641,93 |
| | |
| Conductor de carreta | 641,93 |
| | |
| Mozo de reparto | 587,19 |
| | |
| Mozo de almacén | 587,19 |
| | |
| Garda | 568,05 |
| | |
| Aprendiz | 529,77 |
| | |
| Xefe administrativo | 641,93 |
| | |
| Oficial administrativo | 614,36 |
| | |
| Auxiliar administrativo | 587,19 |
| | |
| Telefonista de pedidos | 587,19 |
| | |
| Complemento de transporte | 60,53 |
| | |